

## Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2025/2026

O Real Decreto 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, regula as condicións para verificar e modificar os plans de estudos e o establecemento do carácter oficial das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento.

O Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula o procedemento e as condicións para a obtención, polas universidades do Sistema Universitario de Galicia, da autorización para impartir as ensinanzas universitarias oficiais conducentes aos títulos de grao, máster e doutoramento, así como a súa modificación e supresión. A Orde de 20 de marzo de 2012 desenvolve as especificacións contidas no mencionado decreto, regulando os diversos procedementos relacionados coa planificación e desenvolvemento da oferta de ensinanzas no Sistema Universitario de Galicia. Por último, o Acordo de 19 de xullo de 2021 entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidades e as tres universidades galegas define o marco xeral de actualización do mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia par o período 2022-2026.

Así pois, co fin de iniciar a planificación da oferta de titulacións para o curso 2025/2026, o Consello de Goberno de 25 de setembro de 2023 acorda:

### a) Directrices xerais

Poderán presentarse propostas de verificación e modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

A efectos deste procedemento consideraranse modificacións as realizadas en títulos existentes, independentemente de que resulten en procedementos externos de modificación ou verificación. Só poderán presentarse solicitudes de modificación dun título existente unha vez finalizada a súa implantación, coa excepción de modificacións obrigadas por un proceso externo relacionado coa acreditación do título.

As propostas de novos títulos deben adaptarse aos compromisos adoptados para a planificación da oferta académica universitaria no Sistema Universitario de Galicia.

A tramitación, en ambos casos, deberá realizarse de acordo co calendario e procedemento que figura nos anexos I e II.

### b) Procedemento para a solicitude de informe previo de envío a modificación/verificación

Na Orde de 20 de marzo de 2012 establecese que con anterioridade á solicitude de verificación dos plans de estudio polo Consello de Universidades, a Consellería de Educación realizará un informe previo no que se comprobará a pertinencia socioeconómica das ensinanzas universitarias oficiais propostas e a súa adaptación aos principios, requisitos xerais e específicos recollidos no Decreto 222/2011. Segundo o procedemento establecido, a documentación que debe acompañar á solicitude de envío previo a verificación é a seguinte:

- 1) **Memoria para a solicitude de verificación/modificación** de títulos oficiais, segundo modelo normalizado.
- 2) **Memoria xustificativa** do cumprimento dos requisitos xerais (interese socioeconómico para Galicia, mercado laboral, demanda, non duplicidade) e específicos recollidos no Decreto 222/2011, onde se recollan todos os apartados do Anexo I da Orde de 20 de marzo de 2011.
- 3) **Memoria económica** na que se xustifique a viabilidade da proposta que conterá a análise e cuantificación das necesidades presentes e futuras en recursos humanos, infraestruturas e outros bens para a implantación da titulación proposta así como a xustificación das diferentes fontes de financiamento.
- 4) **Certificación do acordo do Consello de Goberno** polo que se propón a implantación das ensinanzas.
- 5) **Certificación do informe favorable do Consello Social** sobre a implantación das ensinanzas.

### c) Tramitación

#### **Memoria para a solicitude de verificación/modificación e memoria xustificativa**

A memoria para a solicitude de verificación de titulacións de grao e máster conterá o plan de estudos e deberá ter en conta o establecido no anexo II do RD 822/2021 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

A memoria para a solicitude de verificación e a memoria xustificativa serán aprobadas pola xunta ou xuntas de centro.

De xeito específico, no caso de modificacións nos títulos de máster estas memorias serán aprobadas previamente pola comisión académica, así como nos títulos de grao nos que exista unha comisión académica con estas competencias.

Para o caso de memorias de verificación de novas titulacións que non sexan encargadas a un centro concreto, as memorias serán aprobadas polo Consello de Goberno a proposta da xunta de titulación que se estableza a tal efecto.

A memoria para a solicitude de verificación de titulacións de doutoramento deberá ter en conta o establecido no anexo I, do RD 576/2023, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento e segundo o Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo. Estas memorias serán aprobadas previamente pola comisión académica do programa de doutoramento e informadas pola Comisión de Calidade.

#### **Memoria económica**

A memoria económica será supervisada pola Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e titulacións, segundo a proposta recibida e poderá solicitar os informes que se consideren necesarios aos órganos unipessoais ou colexiados que corresponda.

ANEXO I: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de Grao e Máster para a súa implantación no curso 2025/26

### Tramitación pola Universidade de Vigo

Actividades	Responsable	Datas (2023/2024)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Xunta de Centro Equipo de Goberno	Ata o 24 de novembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío por Correo electrónico<sup>1</sup> dos seguintes documentos:           <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Declaración de intencions de presentación do Grao /Máster, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria. Remisión a VTID e difusión á comunidade universitaria.</li> <li>2. Declaración de intencions de presentación de propostas de modificacions non substancials de Grao/Máster, acompañada da composición nominal da comisión redactora da proposta. Remisión a VTID e difusión a comunidade universitaria.</li> </ol> </li> </ul>
Difusión á comunidade universitaria	VTID/SXEG/SXEP	Desde o 27 de novembro ata 7 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria</li> </ul>
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial á Reitoría	Secretario/a do centro	Ata o 11 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío por correo electrónico<sup>1</sup>, en versión editable, dos seguintes documentos:           <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Formulario de solicitude de modificación non substancial para títulos grao e máster da ACSUG.</li> </ol> </li> </ul>
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacions <b>non substancials</b> presentadas	COAP e Consello de Goberno	Ata o 22 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acordo da COAP e do Consello de Goberno</li> </ul>
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación, aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP e Consello de Goberno	Ata o 26 xaneiro de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acordo da COAP e do Consello de Goberno</li> </ul>
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Xunta de Centro	Ata o 12 de abril de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo o establecido pola Xunta de Centro</li> </ul>
Aprobación da memoria inicial			<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo o establecido pola Xunta de Centro</li> </ul>
Remisión da documentación da proposta á Reitoría	Secretaria/o do centro	Ata o 15 de abril de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío por correo electrónico<sup>1</sup>, en versión editable, dos seguintes documentos:           <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado.</li> <li>2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacions.</li> <li>3. Memoria xustificativa dos requisitos e da Memoria económica segundo formato normalizado.</li> <li>4. Acordo de aprobación da memoria no centro/titulación.</li> <li>5. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)</li> </ol> </li> </ul>
Exposición pública á Comunidade Universitaria no web da Universidade	VITD/SXEG/SXEP	19 de abril de 2024. (15 días naturais)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria</li> </ul>
Recollida de alegacions	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As alegacions pódense presentar mediante correo electrónico<sup>1</sup></li> </ul>
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	SXEG/SXEP	Ata o 17 de maio de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dende os Servizos revisaranse as propostas</li> <li>- Envío do informe técnico por correo electrónico, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar</li> </ul>
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacions	Xunta de Centro	Ata o 3 de xuño de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo o establecido pola Xunta de Centro</li> </ul>
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (Grao) ou ao SXEP (Máster)	Secretaria/o do Centro	Ata o 4 de xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío por correo electrónico<sup>1</sup>, en versión editable, dos seguintes documentos:           <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Informe de alegacions e respuestas a todas as alegacions presentadas</li> <li>2. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado.</li> <li>3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo formato normalizado</li> <li>4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación.</li> <li>5. Documentación que proceda.</li> </ol> </li> </ul>
Informe da COAP	COAP	Ata o 21 de xuño 2024	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 27 de xuño 2024	

ANEXO I: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de Grao e Máster para a súa implantación no curso 2025/26

Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de xuño 2024	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VITD	30 de xuño de 2024	
Subida da memoria do título a sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/SXEG/SXEP/VOAP	1 de setembro a 15 de outubro de 2024	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao Ministerio con competencias

<sup>1</sup> Todas as comunicacións por correo electrónico indicadas neste documento realizaranse aos seguintes enderezos: [verifica.grao@uvigo.es](mailto:verifica.grao@uvigo.es) para graos e [verifica@uvigo.es](mailto:verifica@uvigo.es) para máster. Tamén poderán utilizarse estes mesmos enderezos para aclarar calquera dúbida en relación con estas instrucións.

SXEG: Servizo de Xestión de Estudos de Grao; SXEP: Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao; VTID: Vicerreitoría de Titulacións e Innovación docente

ANEXO II: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2025/26  
 (Acorde co procedemento de Deseño e aprobación dos programas (XP-01) do SGC Doutoramento da Universidade de Vigo)

**Tramitación pola Universidade de Vigo**

Actividades	Responsable	Datas (2023/2024)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD <sup>2</sup> ) Grupos/equipos de investigación Dirección EIDO Equipo de Goberno	Ata o 24 de novembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Correo electrónico<sup>1</sup> a <a href="mailto:eido.verifica@uvigo.es">eido.verifica@uvigo.es</a> segundo formato normalizado dos seguintes documentos:                             <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Declaración de intencions de presentación do programa de doutoramento, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria.</li> <li>2. Declaración de intencions de presentación de propostas de modificacions non substancials Do programa de doutoramento, acompañada da composición nominal da comisión redactora da proposta. Remisión a VTID e difusión a comunidade universitaria.</li> </ol> </li> </ul>
Difusión á comunidade universitaria	VITD / SXEP	Desde o 27 de novembro ata 7 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria</li> </ul>
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial á Reitoría	Secretario/a da CAPD	Ata o 11 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío por <b>correo electrónico<sup>1</sup></b>, en versión editable, dos seguintes documentos:</li> <li>- Formulario de solicitude de modificación non substancial para programas de doutoramento da ACSUG.</li> </ul>
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacions <b>non substancials</b> presentadas	COAP e Consello de Goberno	Ata o 22 de decembro de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acordo da COAP e do Consello de Goberno previo informe do Comité de Dirección da EIDO</li> </ul>
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación aos requisitos xerais e á estratexia institucional	EIDO e Consello de Goberno	Ata o 26 de xaneiro de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acordo do Consello de Goberno previo informe do Comité de Dirección da EIDO</li> </ul>
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD <sup>2</sup> )	Ata o 12 de abril de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo o establecido na propia CAPD</li> </ul>
Aprobación da memoria inicial			<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío <b>por correo electrónico</b> (<a href="mailto:eido.verifica@uvigo.es">eido.verifica@uvigo.es</a>), en versión editable, dos seguintes documentos:                             <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado.</li> <li>2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacions.</li> <li>3. Memoria xustificativa dos requisitos e memoria económica segundo formato normalizado</li> <li>4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD</li> <li>5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)</li> </ol> </li> </ul>
Remisión da documentación da proposta á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 15 de abril de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío <b>por correo electrónico</b> (<a href="mailto:eido.verifica@uvigo.es">eido.verifica@uvigo.es</a>), en versión editable, dos seguintes documentos:                             <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado.</li> <li>2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacions.</li> <li>3. Memoria xustificativa dos requisitos e memoria económica segundo formato normalizado</li> <li>4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD</li> <li>5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)</li> </ol> </li> </ul>
Exposición pública á Comunidade Universitaria na web da Universidade	VITD / SXEP	19 de abril de 2024. (15 días naturais)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria</li> </ul>
Recollida de alegacions	EIDO	Durante o prazo de exposición pública	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As alegacions pódense presentar mediante correo electrónico a <a href="mailto:eido.verifica@uvigo.es">eido.verifica@uvigo.es</a></li> </ul>
Avaliación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	EIDO	Ata o 17 de maio de 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dende a EIDO revisaranse as propostas de programas de doutoramento</li> <li>- Envío do informe técnico por correo electrónico aos/ás coordinadores/as, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar</li> </ul>
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacions	CAPD	Ata o 3 de xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo o establecido pola CAPD</li> </ul>
Remisión da documentación da proposta definitiva á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 4 de xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío <b>por correo electrónico</b> (<a href="mailto:eido.verifica@uvigo.es">eido.verifica@uvigo.es</a>) en formato WORD dos seguintes documentos:                             <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Informe de alegacions e respostas a todas as alegacions presentadas.</li> <li>2. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado.</li> <li>3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo formato normalizado</li> <li>4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación.</li> <li>5. Documentación que proceda.</li> </ol> </li> </ul>

**ANEXO II: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2025/26**  
**(Acorde co procedemento de Deseño e aprobación dos programas (XP-01) do SGC Doutoramento da Universidade de Vigo)**

Informe da EIDO	EIDO	Ata o 21 de xuño de 2024	Incorporar á documentación do paso anterior, para Consello de Goberno
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 27 de Xuño 2024	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de xuño 2024	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VITD	30 de xuño 2024	
Subida da memoria do título a sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/EIDO/SXEP	1 de setembro a 15 de outubro de 2024	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao Ministerio con competencias

- (1) Para aclarar calquera dúbida en relación con estas instruccions, prégase que se poñan en contacto co mail [eido.verifica@uvigo.es](mailto:eido.verifica@uvigo.es) ou tfno.: 986 812695
- (2) Na declaración de interese debe constar unha proposta de composición da CAPD. O informe favorable do Consello de Goberno supón o nomeamento formal da Comisión Académica que queda facultada para desenvolver a proposta nos termos establecidos na normativa vixente

**SXEP: Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao; VITD: Vicerreitoría de Titulacións e Innovación docente**